



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal


www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/03/2021 9:31:28

SAIDA

5089/21



Reclamante: [REDACTED] en representación [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 142/2020**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], en representación de [REDACTED], mediante escrito do 28 de decembro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de marzo de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 28 de decembro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 13 de novembro de 2020, da Xefatura Territorial da Coruña, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola que se concede o acceso a [REDACTED] á información da que se dispón na Xefatura Territorial sobre a antiga mina de caolín situada en Cuns, no Concello de Coristanco.

O reclamante, en resumo, indicaba que é titular do [REDACTED] composto polas concesións de explotación de Recursos da Sección C) da Lei de Minas [REDACTED]

[REDACTED] e por tanto titular lexítimo dos dereitos de propiedade intelectual e industrial dun notable conxunto de informes, planos, mapas, estudos, incluídos os Plans de Labores, de Explotación e de Restauración, contratos e outros datos referentes aos bens e dereitos, e outra documentación técnica e económica que conforman o know-how da empresa e é necesaria para a actividade regular e detentador dun

interese tamén lexítimo en que se protexa o referido carácter reservado desa información, evitando innecesarios accesos e risco de filtracións a terceiros.

Afirma que ten constatados diversos casos de filtracións de información sensible a terceiras entidades que veñen facendo un uso indebido, por manipulación intencionadamente terxiversada e infundada do seu contido, que redunda en prexuízo e descrédito público de [REDACTED] das propias Autoridades Mineira e Ambiental.

Afirma no seu escrito de alegacións que de acordo coa Instrución 6/2018, do 3 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas sobre acceso á información pública en materia de minas, non se deben admitir nin atender solicitudes expostas en termos xenéricos e con pretensión de alcance omnímodo, como foi neste caso, do mesmo xeito que se establece no artigo 19 da Lei 19/2013 .

Considera que aínda que non se poida esixir motivación na solicitude de acceso á información, o órgano competente si debe ponderar os diferentes dereitos e intereses que se vexan afectados.

Alegan o carácter reservado de información que consta nos expedientes administrativos e a necesidade de salvagardar polo seu carácter confidencial ou reservado, o amplo conxunto de información de natureza técnica, comercial, financeira, etc., que contén a información solicitada. Considera que non ten sentido diseccionar por exemplo un proxecto ou un informe de voaduras como os que se conteñen na información solicitada, de tal forma que se manteñan protexidos aquelas "palabras, liñas ou parágrafos" que, por referirse a técnicas propias da empresa solicite manter afastadas do coñecemento de competidores, e separar outras que poidan satisfacer o interese dun terceiro solicitado e a información sobre almacenamento e emprego de explosivos debe ser protexida na súa integridade, sen que caiba levar a cabo esa especie de "disección" por "palabras, liñas ou parágrafos", como se pretende na resolución impugnada.

A obtención, utilización ou revelación ilícitas dun segredo empresarial comprometen a capacidade do seu titular lexítimo para aproveitar as vantaxes que lle corresponden como precursor polo seu labor de innovación.

Informa que a empresa [REDACTED] púxose por escrito ao dispor do solicitante, para manter unha reunión e, en función da mesma, facilitar a información que correspondese, sen obter resposta por parte deste. [REDACTED] ven desenvolvendo, como actual titular do [REDACTED] as actuacións tendentes á reapertura da mina, conforme as autorizacións e aprobacións administrativas outorgadas, polo que pon de relieve o posible uso sesgado e parcial da documentación que poidan obter determinadas asociacións ou grupos de presión.

De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao reclamante solicitóuselle a acreditación da representación da empresa [REDACTED] representación que acreditou con data do 19 de xaneiro de 2021.

Segundo. Con data do 4 de xaneiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 8 de xaneiro de 2021.

Terceiro. Con data do 26 de febreiro de 2021, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Indica en primeiro lugar no oficio remitido, que dado que a resolución impugnada foi recepcionada polo recorrente o 25/11/2020, cabería considerala extemporánea a reclamación xa que se presentou con data do 28/12/2020.

No informe dos servizos técnicos do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial na Coruña que acompaña ao oficio, faise constar que o obxecto da solicitude formulada polo [REDACTED] foi o acceso á información da licenza de actividade, fotos da mina e dos terreos que se explotaban, mapas dos terreos que ocupaba tanto da zona de procesado como da zona de extracción do material, BOE e demais documentos públicos referidos á antiga explotación de caolín realizada na concesión de explotación "Santa Bárbara" n2 1802, a cal forma parte do [REDACTED] do que a actual titular é [REDACTED]

Con data do 28/09/2020 a Xefatura Territorial deu traslado á dita sociedade da solicitude de acceso a información formulada, concedéndolle un prazo de quince días para que realizase as alegacións que considerase oportunas e informado deste trámite ao solicitante

[REDACTED] presentou alegacións con data do 2 de novembro de 2020, nas que manifesta a súa oposición a que sexa concedido o acceso á documentación solicitada.

Con data do 13 de novembro de 2020, a Xefatura Territorial resolve permitir o acceso á información sobre a antiga mina de caolín situada en Cuns no Concello de Coristanco, concretamente á "Memoria da mina Santa Bárbara nº 1802", presentada o 05/12/1975 pola [REDACTED] nese momento titular e explotador do dereito mineiro.

Tras serlle comunicadas á Xefatura Territorial as resolucións da Comisión da Transparencia de Galicia que poñen en cuestión a competencia das xefaturas territoriais para a resolución deste



tipo de procedementos, con data do 16 de novembro de 2020 remitíuselle a resolución á Secretaría Xeral da Vicepresidencia Segunda para que se procedese a realizar a convalidación polo órgano competente. Considera que a convalidación non é necesaria tras a publicación do Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (DOG nº 5, do 11/01/2021), que no seu artigo 36.2.1, atribúe aos xefes e ás xefas territoriais "a tramitación e resolución das solicitudes de acceso á información pública respecto de expedientes cuxa instrución e resolución corresponda á xefatura territorial, en canto órganos periféricos competentes no ámbito funcional desta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación".

Informa a Xefatura Territorial que as alegacións formuladas por [REDACTED] no trámite de traslado a terceiros, son practicamente coincidentes coas da reclamación presentada ante a Comisión da Transparencia, que foron analizadas e contestadas na consideración legal e técnica 6 da Resolución de acceso.

Como se recolle na consideración legal e técnica 5 da Resolución de acceso, a información solicitada refírese a unha explotación de caolín realizada na concesión de explotación "Santa Bárbara" nº 1802, da que consta da Xefatura Territorial a memoria da mina presentada no ano 1975 pola empresa entón titular. Na memoria descríbese a historia do dereito mineiro, a técnica, produción, persoal, explotación, instalacións, talleres e equipos da minería de wolframio e a técnica, produción, persoal, explotación, instalacións, talleres e equipos da minería de caolín que se realizaba na época na concesión de explotación. Considera que este documento de carácter técnico que define a explotación non pode incardinarse no ámbito ambiental, polo que resulta sometido ao réxime xeral de transparencia e acceso á información.

Cuarto.- Con data do 18 de marzo de 2021, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo oficio da Xefa do Servizo de Ordenación e Coordinación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, co que remite para a súa incorporación ao expediente RSCTG 142/2020, a Resolución do 18 de marzo de 2021 de convalidación da resolución de procedemento de acceso a información do 13 de novembro de 2020 ditada polo xefe territorial da Coruña no expediente AIP-MI-002020/010.

De acordo coa dita resolución, convalídase pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais a resolución do 13 de novembro de 2020, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por ser o superior xerárquico do que ditou o acto viciado, outorgándolle de acordo co artigo 39.3 da citada Lei 39/2015, eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Segundo consta no expediente remitido, a resolución foi recepcionada polo recorrente con data do 25 de novembro de 2020, e a reclamación interpúxose con data do 28 de decembro do mesmo ano.

O artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao regular os termos e prazos, que se o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate. O prazo concluirá o mesmo día en que se produciu a

notificación, e cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

No presente caso, o último día de prazo era inhábil (25 de decembro), e o primeiro día hábil seguinte foi o 28 de decembro, dado que os días 26 (sábado) e 27 de decembro (domingo) foron días inhábiles, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

Antes de entrar no fondo do asunto, debe examinarse os efectos que na resolución do 18 de marzo de 2021, se lle dan á covalidación do acto administrativo recorrido.

De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 39/2015, a Administración pode convalidar os actos anulables, considerándose que a convalidación realizada é conforme co dito artigo, dado que o vicio consistiu en incompetencia non determinante de nulidade e a convalidación realizouse polo órgano superior xerárquico competente segundo o disposto no artigo 27.3 da Lei 1/2016, sen que conste que a dita resolución se notificase aos interesados no expediente [REDACTED] solicitante de acceso á información e a empresa [REDACTED] [REDACTED] (recorrente contra a dita resolución).

Na citada resolución, establécese que a convalidación terá efectos retroactivos dende a data da sinatura da resolución convalidada, isto é, dende o 13 de novembro de 2020.

De acordo co disposto no artigo 52 citado, os efectos da convalidación prodúcense dende a data na que se convalide, agás o disposto no artigo 39.3 para a retroactividade dos actos administrativos. A eficacia retroactiva dos actos se pode outorgar de forma excepcional, cando se produza en substitución de actos anulados ou cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

No presente caso, a resolución de convalidación non se dita en substitución dun acto anulado, nin produce efectos favorables a unha das partes interesadas, xa que se está a convalidar un acto administrativo que o reclamante [REDACTED] considera lesivo para os seus intereses, polo que considérase que o punto segundo da resolución de convalidación do 18 de marzo de 2021, no que se lle outorga efectos retroactivos á mesma, non é conforme a dereito, debendo ter efectos unicamente a partir da data da resolución de convalidación (18 de marzo de 2021), e non dende a resolución convalidada (13 de novembro de 2020).

De conformidade co disposto no artigo 119.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando existindo vicio de forma non se estime procedente resolver sobre o fondo, ordenarase a retroacción do procedemento ao momento no que o vicio foi cometido, polo que de acordo co anterior, debe

retrotraerse o expediente de convalidación, ditándose nova resolución con efectos da data na que se dite, e notificárselle ás partes interesadas, con indicación dos recursos que proceden contra a mesma, e indicándoselles que o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto na Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ou a reclamación potestativa ante o Valedor do Pobo contra a Resolución do 13 de novembro de 2020 da Xefatura Territorial da Coruña pola que se concede o acceso á información solicitada por [REDACTED] deben contarse a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de convalidación da dita Resolución

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, e en virtude da delegación de competencias outorgada pola Comisión de Transparencia de Galicia en sesión do 30 de maio de 2017 (DOG nº 136, do 18 de xullo de 2017),

ACORDO

Único: Declarar a non conformidade a dereito do parágrafo segundo da Resolución do 18 de marzo de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais pola que se convalida a Resolución do 13 de novembro de 2020, da Xefatura Territorial da Coruña, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola que se concede o acceso a [REDACTED] á información da que se dispón na Xefatura Territorial sobre a antiga mina de caolín situada en Cuns no Concello de Coristanco e instar a que dite resolución de convalidación desta con efectos da data na que se dite.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2021.03.30 11:26:26 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.